



Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

24 de decembro de 2016

Boas noites.

Nestas horas do Nadal quero desexarvos, xunto á Raíña e as nosas fillas Leonor e Sofía, unhas felices festas e a nosa esperanza de que o 2017 sexa un ano mellor para todos. E nunha noite como a de hoxe, a tantas familias que sufriron as recentes inundacións no noso país, quero dicirlles especialmente que as temos moi presentes.

Nadal é nacemento, e celebrar con alegría o que nace é ter fe no futuro. É en momentos coma estes, cando os sentimentos persoais e colectivos de afecto, de amizade e de fraternidade, creados a través da nosa convivencia, nos recordan o gran patrimonio común que compartimos. Un patrimonio que merece o coidado de todos e que todos debemos axudar a protexer como o mellor que temos e somos; como o mellor do que nos une.

Como é tradición, permitídemme esta noite que comparta convosco algunhas reflexións sobre o noso presente e sobre o noso futuro, procurando extraer de todo o que vivimos, especialmente durante este 2016, aquilo que mellor nos axude a seguir adiante.

Sempre se dixo que os momentos máis difíciles da vida son as mellores oportunidades para descubrir a nosa forza interior, para comprobar o noso carácter, a nosa verdadeira dimensión. Ao longo deste ano estiven en diferentes lugares da nosa xeografía nacional. E teño que dicirvos que, en todo ese percorrido polas nosas vilas e cidades vin dificultades e problemas para moitos dos nosos compatriotas; pero tamén traballo duro, honesto, sacrificado; moita capacidade e talento; e, sobre todo, determinación, con gana de saír adiante.

Comprobei, unha vez máis, o valor que ten na nosa sociedade a familia, porque a súa axuda permitiu a moitos soportar os peores momentos.

Coñecín a traballadores e profesionais, homes e mulleres que, co seu esforzo sereno, durante estes longos e difíciles anos, sen desfalecer nin se resignar, sosteñen con grande dignidade e coraxe ás súas familias, as súas vidas e os seus traballos.

Vin, tamén, en moitos compatriotas a decisión de asumir riscos para crear ou defender postos de traballo, e o valor para levantarse e volver a retomar a tarefa despois de ver destruídas obras feitas con ilusión e gran sacrificio.

Podería dar, ademais, innumerables exemplos de solidariedade. Moitos de vós entregades con xenerosidade o voso saber, o voso tempo e esforzo, e sobre todo

o voso corazón, para axudar aos demais; sodes capaces de reaccionar ante calquera emerxencia, probando sempre que, alá onde faga falta, alá onde se necesite unha palabra de alento ou unha man amiga, hai un español que demostra con obras a grandeza e a alma máis profunda da nosa terra.

Como tamén fun, e son continuamente, testemuña do labor de tantos servidores públicos que, cunha extraordinaria vocación de servizo á comunidade, garanten as nosas liberdades, atenden os nosos hospitais ou educan os nosos fillos; moitos compatriotas que, dentro e fóra de España, miran pola nosa seguridade, defenden os nosos valores e contribúen ao avance da ciencia e ao enriquecemento da cultura. Todos eles son a imaxe do noso país e tamén fan posible que o noso Estado funcione e que poidamos celebrar un día como hoxe.

Todo isto para min e para todos nós, é un motivo para sentirnos autenticamente orgullosos; e tamén é unha razón para a esperanza, porque unha sociedade que manteña estas actitudes, estas conviccións e estes valores non pode terlle medo ao futuro. Estou seguro de que a nosa memoria colectiva reservará un lugar de honra na Historia para estes tempos de sacrificio e abnegación; pero tamén de xenerosidade e superación.

Pero temos que seguir mirando cara a adiante construindo o noso país, construindo tamén Europa. Temos que esforzarnos, paso a paso, día a día e con espírito positivo, para que a prosperidade e o benestar sexan a base dunha convivencia ilusionada. E por iso hai varios asuntos aos que, concretamente, quero referirme esta noite:

É certo que a crise impuxo grandes sacrificios. Hoxe, non obstante, vivimos coa esperanza da recuperación que xa iniciamos. Todos desexamos que esa recuperación se consolide, que nos permita ademais crear moito máis emprego e de calidade, e tamén corrixir tanto as desigualdades derivadas dunha crise tan profunda coma a que vivimos, como fortalecer, en xeral, a nosa cohesión social, que é unha garantía para asegurar a estabilidade e o equilibrio da nosa sociedade.

Nese sentido, é moi importante para todos que moitas familias poidan recuperar o seu nivel de vida e que os nosos mozos poidan ter oportunidades de futuro, de ilusión, de confianza; que sobre todo as persoas máis desfavorecidas ou máis vulnerables teñan a certeza de que non quedarán na soidade do camiño que España ten que percorrer no século XXI.

Por outra parte, superamos unha complexa situación política que coñeces ben. É importante agora que na nosa sociedade se recuperase serenidade e que os cidadáns poidan ter a tranquilidade necesaria para poder levar a cabo os seus proxectos de vida. Como igualmente é esencial, de cara ao futuro, que o diálogo e o entendemento entre os grupos políticos permita preservar e impulsar os consensos básicos para o mellor funcionamento da nosa sociedade.

E gustaríame insistir esta noite tamén na necesidade de que coidemos e melloremos en todo momento a nosa convivencia. E a convivencia esixe sempre, e ante todo, respecto. Respecto e consideración aos demais, aos maiores, entre homes e mulleres, nos colexios, no ámbito laboral; respecto ao ámbito natural que compartimos e que nos sustenta. Respecto e consideración tamén ás ideas

distintas ás nosas. A intolerancia e a exclusión, a negación do outro ou o desprezo ao valor da opinión allea, non poden caber na España de hoxe.

Como tampouco son admisibles nin actitudes nin comportamentos que ignoren ou desprezen os dereitos que teñen e que comparten todos os españois para a organización da vida en común. Vulnerar as normas que garanten a nosa democracia e liberdade só leva, primeiro, a tensións e enfrontamentos estériles que non resolven nada e, logo, ao empobrecemento moral e material da sociedade.

Porque o progreso, a modernización, o benestar, requiren sempre dunha convivencia democrática baseada no respecto á Lei, nunha vontade decidida e leal de construír e non de destruír, de engrandecer e non de empequenecer, de fortalecer e non de debilitar.

Porque agora é o momento de pensar na España que queremos para as vindeiras décadas, que será a dos nosos mozos de hoxe, e de forxala con solidez. E para iso, debemos concentrar as nosas enerxías en mirar cara ao mundo que nos rodea, e decatarnos cabalmente de por onde vai.

Un mundo moi incerto, con grandes desafíos políticos, sociais ou en materia de desenvolvemento e seguridade, por exemplo. Pero entre eles, hoxe quero determe nos avances da tecnoloxía que, a escala global, condicionan cada día máis nosas vidas cotiás.

Vivimos unha nova realidade que cambiou a forma de comunicarnos e relacionarnos entre nós; de recibir información necesaria para formar a nosa opinión e tomar decisións; que se introduciu nas nosas empresas, nas nosas fábricas e nas nosas industrias, transformando os procesos produtivos e os empregos, tal e como os coñeciamos. Mesmo está a transformar os nosos colexios, universidades e centros de formación. Nunca antes na Historia da Humanidade e nun espazo de tempo tan curto, se produciran cambios tan grandes.

Hoxe sabemos que non se trata xa só dunha revolución tecnolóxica: é algo moito máis profundo. É un novo modelo do mundo que traspasa fronteiras, sociedades, xeracións e crenzas.

Neste contexto é evidente que debemos adaptarnos a esa nova realidade imparable e desenvolver ao máximo as nosas habilidades para actuar con éxito na ciencia, na economía ou na cultura, tamén na industria e na seguridade; pero preservando sempre os valores humanos que nos identifican e nos definen. Non debemos esperar a que esa nova realidade se impoña sobre nós; teñamos en cambio, a forza e o pulo suficientes como país para anticiparnos e asumir o protagonismo necesario na nova era que se abre ante nós.

E nesa tarefa a educación é –e será sen dúbida– a chave esencial. Unha educación que asegure e actualice permanentemente os nosos coñecementos; pero que tamén forme en linguas e en cultura; en civismo e en valores; que prepare á nosa mocidade para ser cidadáns deste novo mundo máis libres e máis capaces e que saiban aproveitar a experiencia dos nosos maiores. Unha educación que fomente

a investigación, impulse a innovación, promova a creatividade e o espírito emprendedor como trazos e esixencias da sociedade do futuro, que é xa a sociedade dos nosos días.

Non quixera ocupar durante máis tempo a vosa atención nunha noite que debe ser de celebración familiar; aínda que non quero rematar sen dicirvos que creo sinceramente nunha España consciente, solidaria, asine nos seus valores, afastada do pesimismo, da desilusión ou o desencanto; creo nunha España decidida a superar as dificultades que, aínda que grandes, son tamén vencibles.

E non teño dúbida de que seremos capaces de superalas se entendemos que xa non vivimos tempos para pecharnos en nós mesmos, senón para abrirnos ao mundo; se temos claro que non o son tampouco para fracturas, para divisións internas, senón para poñer o acento naquilo que nos une, construíndo sobre a nosa diversidade; son tempos para afondar nunha España de brazos abertos e mans estendidas, onde ninguén axite vellos rancores ou abra feridas pechadas. Tempos, en fin, nos que temos motivos e razóns máis que poderosas para a unión, para traballar todos xuntos, dende calquera lugar do noso gran país, con ilusión, con ideais e con proxectos para a mellor España.

Así o sinto e así o creo. E con esa profunda convicción deséxovos, nesta noite a todos e a cada un de vós e ás vosas familias, un moi Bo Nadal.

Eguberri on / Bon Nadal / Boas festas.
Boas noites. E feliz e próspero 2017.